

## OS HÓRREOS E CELA

É Cela a parroquia do concello de Bueu onde a agricultura tivo ó longo do tempo máis raizame. O mesmo topónimo Cela axúdanos a xustificalo: do latín *cella-ae*: celeiro, almacén, despensa. Se ben é certo que tamén é cuarto ou apousento pequeno, no mundo rural altomedieval as colonias agrícolas impóñense na toponimia: Cela, Agrelo,...

Froito da puxanza agrícola temos segundo censo do estudioso Jozef Van Linhthoudt, que Cela:

- case duplica en número de hórreos ó restos das parroquias do concello xuntas.
- que a mesma proporción se menten co número de hórreos con reloxos de sol nouse cumio (38).
- que posúe o hórreo con data máis antiga (1775) que está emprazaðo no Beloso.
- así mesmo ten o máis antigo con reloxo de sol (1781) en Pousada.
- o hórreo máis longo do concello con reloxo está no lugar de Cabreira (8,34 m) e o máis pequeno co mesmo detalle está na Torre (2,80 m).

